



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO0



Programación de Pedagogía

Curso 2024 - 2025

María Teresa Castrillón Díaz



Índice

1. INTRODUCCIÓN	3
2. METODOLOXÍA	3
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	4
4. TEMAS TRANSVERSAIS	4
4.1.Educación en valores	4
4.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	4
5. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN	5
6. SECUENCIACIÓN DO CURSO	5
6.1.Curso: 6º GP	5
6.1.1.Obxectivos.....	5
6.1.2.Contidos	6
6.1.3.Avaliación	7
6.1.4.Medidas de recuperación.....	10
6.1.5.Recursos didácticos	11
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DA PD	14
8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA.....	14



I. INTRODUCCIÓN

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

En relación co desenvolvemento do currículo, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 203/2007 do 27 de setembro polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, regula no Anexo II os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada un dos catro itinerarios que conforman o inicio da especialización do alumnado, especialización que comeza precisamente no 6º curso do Grao Profesional.

O itinerario de "Pedagogía" baséase, por unha parte, no afondamento nos principios da educación musical e, por outra, na iniciación á comprensión e ao estudo do proceso didáctico. Este itinerario posibilitalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino e aprendizaxe musicais e a súa forma de transmisión. Preténdese posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e habilidades propios, da comprensión dos recursos das principais escolas pedagóxicas e do coñecemento das necesidades do nenos e adolescentes. Este achegamento aos elementos do proceso didáctico, neste preciso momento da súa educación musical, pretende ser de axuda para o seu futuro en relación coa música e, quizáis, do despertar dunha futura vocación.

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada será a aprendizaxe guiada, a participación activa, a discusión de ideas mediante a práctica do debate, o desenvolvemento das ideas propias, o respecto das ideas alleas, o fomento da creatividade, a coaprendizaxe e a aprendizaxe colaborativa a través da realización de tarefas en grupo, guiado todo o proceso polo alumnado xunto co profesorado. A metodoloxía está baseada fundamentalmente na aplicación práctica dos contidos (*aprender facendo*). A avaliación será continua e integradora e a retroalimentación inmediata.



3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado que chega a estes cursos compatibilizan os estudos musicais cos estudos da E.S.O, Bacharelato ou Formación Profesional. Todo isto, as diferentes idades dentro da mesma aula, os diferentes contextos sociais dos que provén cada un, así como a especialidade instrumental e os intereses e necesidades de cada individuo, conforman a diversidade do alumnado. Desde a aula atenderemos os diversos intereses e necesidades dos rapaces procurando sobre todo buscar actividades adaptadas as diferentes necesidades do alumnado de cara a un futuro profesional.

Alumnado con necesidades educativas especiais de apoio educativo: Neste apartado poderíamos incluír a alumnado con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, alumnado con trastornos psicolóxicos ou da personalidade, alumnado con discapacidade visual e alumnado con alta capacidade ou sobredotación intelectual, entre outros.

Cada caso valorarase de xeito individualizado e consideraranse as posibilidades de intervención óptimas para o seu desenvolvemento integral como persoa, tendo en conta o seu contexto socio-cultural. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas acordes a cada necesidade concreta.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnado adquiera coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música non só desde un punto de vista estético e artístico, senón tamén desde un punto de vista de respecto e liberdade de todo ser humano.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con equipamento informático con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información. É



recomendable fomentar na aula o uso de tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos e outros espazos de intereses cultural, concertos fóra do centro, etc.. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade suficiente de toda a información ao respecto. Nestas actividades, organizadas para motivar ao alumnado e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6. SECUENCIACIÓN DO CURSO

6.1. Curso: 6º GP

6.1.1. Obxectivos

- Coñecer e poñer en práctica os principios da educación en xeral, de educación musical, en particular.
- Coñecer e poñer en práctica o coñecemento das necesidades básicas na infancia e adolescencia.
- Coñecer e poñer en práctica os principios psicopedagóxicos para mellorar a aprendizaxe do alumnado.
- Coñecer e valorar os métodos e sistemas actuais da pedagogía musical: Dalcroze, Kodály, Orff, Willems, Ward, Suzuki, ... e as posibilidades de aplicación na aula de música de hoxe en día.
- Coñecer e aplicar a metodoloxía IEM de Emilio Molina en España.
- Coñecer recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, partituras, software e outros recursos das TIC's ...



- Coñecer e poñer en práctica as orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo ás asignaturas de “Linguaxe Musical” e “Educación Auditiva e Vocal”.
- Respetar e apreciar a diversidade como norma dentro da clase colectiva.
- Atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Coñecer e poñer en práctica técnicas de motivación e de estudo.
- Coñecer e poñer en práctica estratexias de xestión eficaz da aula.
- Coñecer o currículo das ensinanzas musicais en Galicia.
- Concretar o currículo a través da programación didáctica.
- Concretar as programacións didácticas a través da programación de aula e as unidades didácticas.

6.1.2.Contidos

- Principios da educación en xeral, de educación musical, en particular.
- Necesidades básicas da infancia e adolescencia.
- Principios psicopedagóxicos para mellorar a aprendizaxe do alumnado.
- Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical: Dalcroze, Kodály, Orff, Willems, Ward, Suzuki, ... e outros.
- A metodoloxía IEM de Emilio Molina en España. A introdución temperá da harmonía, a improvisación e a creatividade.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música.
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula nas asignaturas de “Linguaxe Musical” e “Educación Auditiva e Vocal”.
- Enriquecemento do currículo para todo alumnado.
- A atención á diversidade dentro da clase colectiva.
- A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Técnicas de motivación e de estudo.
- Estratexias de xestión eficaz da aula.



- O currículo das ensinanzas musicais en Galicia. Aspectos xerais do currículos de grao elemental e grao profesional de música.
- Programación didáctica e avaliación. O profesorado como planificador.
- As programacións de aula e as unidades didácticas.

6.1.3.Avaliación

A principio de curso levarase a cabo unha *avaliación inicial* para determinar o punto de partida do alumnado, así como as seus intereses e coñecementos previos.

A *avaliación procesual* será realizada ao longo do curso e avaliará tanto os procesos de aprendizaxe do alumnado como a calidade do ensino do profesorado.

A *avaliación final* é sumativa e recolle, ao remate do curso, todos os procesos de avaliación realizados con anterioridade.

Trimestralmente, o alumnado e as súas familias terán información sobre a marcha do proceso de ensino-aprendizaxe a través da aplicación informática e do boletín de notas, ao remate do curso.

Valorarase o traballo e participación activa na aula así como a entrega, en prazo, dos traballos e tarefas propostos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ***Amosar o coñecemento dos principios psicopedagóxicos do ensino musical.*** Este criterio pretende avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para unha práctica pedagóxica musical axeitada.
- ***Amosar o coñecemento das necesidades básicas na infancia e adolescencia.*** Este criterio pretende avaliar a capacidade de adaptar a práctica educativa ás características e necesidades do alumnado.
- ***Amosar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes.*** Mediante este criterio valórase a comprensión do alumnado dos sistemas pedagóxicos modernos e a súa utilización no ensino e aprendizaxe da música.
- ***Expor temas de pedagogía e didáctica da música facendo uso de recursos didácticos diversos, incluíndo materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema.*** Preténdese avaliar o coñecemento e capacidade de



desenvolvemento dos recursos e materiais educativos tradicionais e actuais, así como as posibilidades que poden ofrecer na pedagogía musical.

- **Realizar supostos prácticos de diferentes casuísticas de diversidade de alumnado mediante a elaboración de plans de intervención de aula no rol do profesor ás necesidades concretas do alumnado.** Preténdese avaliar se o alumnado é quen de analizar diferentes contextos e situacións educativas e intervir de xeito eficaz e individualizado ás necesidades do alumnado.
- **Amosar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos seus elementos básicos e da súa concreción.** Avaliaranse deste xeito os coñecementos xerais sobre os deseños curriculares.
- **Presentar e expoñer unha unidade didáctica para un determinado nivel de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”.** Preténdese comprobar se están basicamente se o alumnado comprende o deseño curricular neste último nivel de concreción e é capaz de levar á práctica da aula os seus coñecementos pedagóxicos e didácticos.
- **Impartir unha clase con referencia a un aspecto musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas elementais ou profesionais de música.** Con este criterio comprobarase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricular, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos psicopedagóxicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica.
- **Crear exercicios e composicións específicos para cada perfil de alumnado en funcións das necesidades e intereses detectados.** Con este criterio comprobarase o desenvolvemento da capacidade creativa axustada ás necesidades e intereses do alumnado.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Nos criterios de cualificación detállanse as porcentaxes específicas aplicadas, de modo que o alumnado terá que ser capaz, para aprobar a materia, de acadar un mínimo dun cinco ou superior. A cualificación obtida con decimais, redondearase ao número enteiro superior, sempre e cando o decimal sexa igual ou superior a cinco.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CONVOCATORIA ORDINARIA

- A) Confección e exposición de traballos de investigación orixinais sobre as principais escolas ou pedagogos musicais, métodos didácticos actuais, principios psicopedagóxicos, deseño curricular, investigación educativa, atención á diversidade, etc. que á súa vez posibilite a súa posta en práctica na realidade da aula. Puntuarase de 1 a 10.
- B) Realización de supostos prácticos e probas obxectivas que recollan diferentes casuísticas de diversidade de alumnado e seus contextos mediante a elaboración de plans de intervención de aula eficaces adaptados ás necesidades concretas do alumnado. Puntuarase de 1 a 10.
- C) Realización e exposición de unidades didácticas orixinais de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”. Puntuarase de 1 a 10. (*)¹
- D) Impartición de clases nun entorno real ou simulado na que se desenvolverá unha unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”. Puntuarase de 1 a 10.

Criterios de cualificación convocatoria ordinaria: MAIO				
Criterio	A	B	C	D
Porcentaxe na calificación final	20 %	20 %	20 %	40 %
¿Cando?	1º trimestre	Ao longo de todo o curso, traballo de aula	2º trimestre	2º e 3º trimestre
<p>Para o entrenamiento da parte D, ofrécese a posibilidade de asistir voluntariamente a sesións de “Linguaxe Musical” e “Educación Auditiva e Vocal”, a maiores da clase semanal de “Pedagogía”, onde o estudante poderá poñer en práctica os seus coñecementos e habilidades pedagóxicas a partir do segundo trimestre.</p>				



6.1.4. Medidas de recuperación

A avaliación será continua e por iso a asistencia, a participación activa na aula, o traballo de aula e a entrega de tarefas en prazo, son fundamentais para a superación da materia.

Procedementos de recuperación ordinarios

Exercicios, actividades, traballos e exposición de aula do tipo dos explicados no apartado de “Criterios de cualificación convocatoria ordinaria”.

Proba extraordinaria de XUÑO

Consistirá nunha proba cunha duración máxima de 120 minutos que abranguerá as catro partes seguintes:

- A) Realización dunha proba obxectiva con cinco preguntas que abranguerá todos os contidos do curso tales como: as principais escolas ou pedagogos musicais, métodos didácticos actuais, principios psicopedagóxicos, deseño curricular, investigación educativa, atención á diversidade, etc. Puntuarase de 1 a 10.
- B) Realización dun suposto práctico que recolla un caso concreto en canto a nivel educativo, idade, nivel inicial de coñecementos, ... no que se elaborará un plan de intervención eficaz (ritmo, melodía, harmonía, ...) adaptado ás necesidades concretas do alumnado. Puntuarase de 1 a 10.
- C) Presentación dunha unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”. Puntuarase de 1 a 10. (*)¹
- D) Impartición dunha clase nun entorno real ou simulado na que se desenvolverá a unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal” presentada na letra anterior. Puntuarase de 1 a 10.

Criterios de cualificación convocatoria extraordinaria: XUÑO				
Criterio	A	B	C	D
Porcentaxe na calificación final	20 %	20 %	20 %	40 %
¿Cando?	XUÑO			

¹(*) Requisitos formais: Lonxitude de 6 a 8 páxinas en letra “Arial”, tamaño 12, interlineado 1,5. Debe incluír ao final a bibliografía e outras fontes empregadas. A portada, o índice, a bibliografía, e os posibles anexos, non se inclúen dentro da lonxitude de 6 a 8 páxinas.



6.1.5. Recursos didácticos

- Araval, Grupo (1995). *Temas de lenguaje musical*, vol.2, *Principios pedagógicos*, Editorial Piles.
- Barbaci, Rodolfo (1965). *Educación de la memoria musical*, Editorial Ricordi.
- Barberá, Vicente (1993). *Cómo elaborar un proyecto curricular de centro*, Ed. Escuela Española.
- Brazelton, T. Berry y Greenspan, Stanley I. (2013). *Las necesidades básicas de la infancia*. Editorial Graò.
- Calcagno, Federico y Raposo, Silvia (2019). *Lenguaje Musical 1 y 2*. Enclave Creativa.
- Coll, César (1995). *Psicología y curriculum*, Editorial Paidós.
- Cooper, Harris (2015). *The battle over homework: Common ground for administrators, teachers, and parents*, Carrell Books.
- Coyne, Lisa W. Y Murrell, Amy R. (2009). *The joy of parenting: an acceptance and commitment therapy guide to effective parenting in the early years*. New Harbinger.
- Delval, Juan (1991). *Aprender a aprender. El desarrollo de la capacidad de pensar*, Alhambra Editorial.
- De Alcántara, Pedro (1997). *Indirect procedures. A musician's guide to the Alexander technique*. Oxford University Press.
- Dinville, Claire (1996). *Los trastornos de la voz y su reeducación*, Ed. Masson.
- Fiorenza, Andrea y Nardone, Giorgio (2012). *La intervención estratégica en los contextos educativos. Comunicación y problem-solving para los problemas escolares*. Herder.
- Fridman, Ruth (1988). *El nacimiento de la inteligencia musical*, Editorial Guadalupe.
- Gardner, Howard (2005). *Las cinco mentes del futuro. Un ensayo educativo*. Paidós.
- Green, Barry y Gallwey, W. Timothy (1987). *The inner game of music*. Pan Books.



- Hayes, Louise L. Y Ciarrochi, Joseph (2015). *The thriving adolescent. Using acceptance and commitment therapy and positive psychology to help teens manage emotions, achieve goals, and build connection.* Context Press.
- Hegye, Erzsebet (1999). *Método Kodály de solfeo (I y II)*, Pirámide.
- Hemsy de Gainza, Violeta (1977). *Fundamentos, materiales y técnicas de la educación musical*, Editorial Ricordi.
- Hemsy de Gainza, Violeta (2007). *La iniciación musical del niño*, Ricordi.
- Inhelder, Bärbel y Piaget, Jean (1964/1999). *The early growth of logic in the child*, Routledge.
- Jiménez, Carmen (2005). *Pedagogía diferencial. Diversidad y equidad.* Pearson Educación.
- Karpinsky, Gary S. (2000). *Aural skills acquisition. The development of listening, reading, and performing skills in college-level musicians.* Oxford University Press.
- Le Boulch, Jean (1972). *La educación por el movimiento en la edad escolar*, Editorial Paidós.
- López de Arenosa, Encarnación (2004). *Apuntes sobre didáctica musical*, Enclave creativa ediciones.
- Maneveau, Guy (1993). *Música y educación*, Editorial Rialp.
- Martenot, Maurice (1993). *Principios fundamentales de formación musical y su aplicación*, Editorial Rialp.
- Molina, Emilio y otros. *Lenguaje musical. Grado Elemental, vols. 1-8. Metodología IEM.* Enclave creativa ediciones.
- Molina, Emilio y otros. *Cuadernos de audición. Grado Elemental, vols. 1-6. Metodología IEM.* Enclave creativa ediciones.
- Orff, Carl (1969). *Música para niños*, Unión Musical Española.
- Piaget, Jean (1980). *Psicología del niño*, Ediciones Morata.
- Rainbow, Bernarr y Cox, Gordon (2006). *Music in educational thought and practice.* The Boydell Press.



- Renzulli, Joseph y Reis, Sally (2009). *Light up your child's mind*. Little Brown and Company.
- Renzulli, Joseph y Reis, Sally (2016). *Enriqueciendo el currículo para todo el alumnado*. Ápeiron Ediciones.
- Schafer, R. Murray (1965). *El compositor en el aula*, Editorial Ricordi.
- Schafer, R. Murray (1967). *Limpieza de oídos*, Editorial Ricordi.
- Schafer, R. Murray (1975). *El rinoceronte en el aula*, Editorial Ricordi.
- Swanwick, Keith (1991). *Música, pensamiento y educación*, Ediciones Morata.
- Tasset, Jean Marie (1980). *Teoría y práctica de la psicomotricidad*, Editorial Paidós.
- Vanderspar, Elizabeth (1990). *Manual Dalcroze. Enseñanza de la rítmica*, Ed. Pilar Llongueras.
- Vygotsky, Lev S. (1978/2019). *Mind in society. The development of higher psychological processes*. Harvard University Press.
- Ward, Justine (1964). *Método Ward. Pedagogía musical escolar*, Desclée y Paris.
- Wild, Rebeca (2007). *Aprender a vivir con niños. Ser para educar*. Herder.
- Wild, Rebeca (2013). *Calidad de vida. Educación y respeto para el crecimiento interior de niños y adolescentes*. Herder.
- Willems, Edgar (1984). *El valor de lo humano en la educación musical*, Editorial Paidós.
- Willems, Edgar (2001). *El oído musical. La preparación auditiva del niño*, Editorial Paidós.
- Willems, Edgar (1984). *Las bases psicológicas de la educación musical*, Ediciones Eudeba.
- Williamon, Aaron (2006). *Musical excellence. Strategies and techniques to enhance performance*. Oxford.
- Wuytack, Jos (1990). *Cantar y descansar. Canciones con gestos*, Real Musical.
- Wuytack, Jos (1991). *Musicalia. Músicogramas (2 vol.)*, De Garve.



7. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PD

Mensualmente se valorará e revisará, a través dun informe de seguimento, o desenvolvemento e o resultado da aplicación das programacións didácticas.

Cada profesor redactará un pequeno informe que inclúa: os procesos de ensino e a súa práctica docente en función da súa adecuación co alumnado, así como co logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación incluírá polo menos, os seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos e os procedementos de avaliación do alumnado.

Ao final de curso cada profesor informará ao xefe de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas de modificación que sexan oportunas.

8. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxetivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para realizar dita valoración.

O profesorado poderá solicitar a colaboración doutros profesores do departamento co fin de optimizar a calidade de todo o proceso de avaliación, a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e a reflexión crítica sobre a práctica docente. En todo caso, a avaliación e a cualificación finais serán responsabilidade única do profesor/a encargado/a da materia.